

**Acordos da Comisión Permanente correspondentes á sesión extraordinaria  
celebrada o 19 de xuño de 2018**

1.- Por unanimidade, informar favorablemente a renovación da condición de emérito do profesor José Antonio Franco Taboada.

2.- Apoiar a celebración na ETSAC da asemblea xeral UNISCAPE 2019 Teaching Landscape.

3.- Desestimar a única solicitude de cambio de exames da segunda oportunidade do Grao en Arquitectura presentada polo alumno Álvaro Rancaño García. O alumno poderá poñerse en contacto co profesorado das mesmas para salvar esta coincidencia.

4.- Segundo o punto “3.- Organización da docencia no Máster de Arquitectura”, tratado na reunión da Comisión Permanente da ETSAC de data 2 de setembro de 2015 relativa a cualificación das materias do máster, acórdase utilizar a media das materias superadas equivalentes na táboa de recoñecementos da titulación cando estas foron seguidas no centro e apto cando fosen realizadas fora. No próximo curso o alumnado haberá de cursar as materias do máster se non solicita o seu recoñecemento, polo que este curso 2017/18 é o último no que será de aplicación o criterio sinalado.

5.- Aprobar os seguintes temas para o Proxecto Fin de Grao do Grao en Arquitectura (Talleres 1, 2, 3, 4 e 5) e para o Proxecto Fin de Mestrado do Mestrado en Arquitectura (Talleres A, B, C, D e E), para o curso 2018/19:

TALLER 1- TALLER A Escola-Taller. Centro de formación laboral en construción naval en marxe oeste ría de Corcubión, antigas instalacións industriais

TALLER 2- TALLER B Vivenda-obradoiro director do centro industrial cerámico industrias o Castro-Sargadelos en Sada

TALLER 3- TALLER C Condominio residencial urbano con centro de conciliación familiar, zona Catro Camiños-A Gaiteira, A Coruña

TALLER 4- TALLER D Escola en Champerico, Guatemala (taller D vinculado ás materias do mestrado)

TALLER 5 Cohousing para persoas maiores en Mera

TALLER E Rehabilitación do entorno da Colexiata do Sar con instalación para refuxiados (programa Iacobus ERASMUS +)

6.- Ratificar a seguinte proposta do Tribunal de Premio Extraordinario de Doutoramento:

Presidenta: Amparo Casares Gallego

Vogal 1º: Carlos Quintáns Eiras

Vogal 2º: Xosé Lois Martínez Suárez

Vogal 3º: Antonio G. Amado Lorenzo

Secretario: Enrique Blanco Lorenzo

Suplente 1º: José Manuel Rodríguez Seijo

Suplente 2º: Patricia Sabín Díaz